



GAÑADORES DOS CONCURSOS DO CORRELINGUA

Estes son os grupos de alumnas e alumnos que, inspiradas no lema deste Correlingua 2018, **a lingua non para!**, gañaron os nosos concursos:

Manifesto: 3ºC do IES Antón Fraguas de Santiago de Compostela. A súa proposta, *Rapea, que a lingua non para!*, abrirá todas as festas finais do Correlingua 2018.

Banda Deseñada: 5ºB do CEIP Albeiros de Lugo. A súa banda deseñada titúlase *De viaxe por Galicia. A lingua non para.*

Vídeo: este concurso tivo dous gañadores en cadansúa categoría. O grupo Moucho do CEIP Ramón Cabanillas de Compostela gañou na categoría de educación infantil e primaria, mentres que o grupo Bolboreta do CPR Seminario Menor a Inmaculada foi o vencedor na categoría de educación secundaria e bacharelato.

Podedes ver todas as propostas gañadoras na nosa web www.correlingua.gal e os vídeos tamén na nosa canle de Youtube [Correlingua A lingua non para.](#)

Queremos darlle as grazas a todo o alumnado e profesorado participante por achegárennos as súas propostas. Con elas demostran que a lingua non para no ensino!

Despois das festas finais do Correlingua subiremos todos os materiais á nosa web.

FESTAS FINAIS

Achéganse as festas finais. Do 2 ao 16 de maio o Correlingua percorrerá as principais cidades e vilas galegas co seu lema a lingua non para!. Para inscribídes os vosos centros debedes cubrir o formulario dispoñíbel en <http://correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscricion-na-festa-final/> **antes do 15 de abril.**

Entre todas e todos facemos **que a nosa lingua non pare no ensino!**

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), na páxina de Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua A lingua non para.](#) Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@correlingua.gal e correlingua@gmail.com.